

CCOO convoca FOLGA XERAL no ENSINO o día 9 de Maio contra a LOMCE e os recortes no ensino

CCOO-Ensino convoca folga xeral no ensino o vindeiro día 9 de maio contra

- a promulgación do anteproxecto de reforma educativa (LOMCE) que pretende o goberno
- as políticas de recortes continuos e sistemáticos dos gobernos estatal e autonómico
- o deterioro do ensino público

O goberno presentou o anteproxecto de lei ao Consello de Estado o pasado 14 de febreiro, que emitirá o seu ditame nos vindeiros días, como paso previo ao seu trámite no Parlamento, o que probablemente acaerá **no vindeiro mes de maio**.

CCOO-Ensino manifesta que este proxecto de lei é o cumio das políticas de recortes que se veñen producindo nos últimos anos, e que coa súa aprobación van a tomar carta de legalidade e durabilidade no tempo

CCOO-Ensino manifesta que o anteproxecto de **Lei orgánica de mellora da calidade da educación (LOMCE)** é unha **contrarreforma** en toda regra, unha lei que so pode cualificarse como **sexista** ao permitir os concertos a centros que segregan por sexo; **clasista**, por aludir a un concepto perigoso como o de talento para diferenciar ao alumnado; **segregadora**, por fomentar a separación temporal do alumnado en compartimentos estancos de difícil retorno ao sistema; **centralizadora**, pois recorta as competencias das comunidades autónomas; **privatizadora**, pois baixo a máscara do dereito de elección abre as portas a privatización do ensino público en todas as etapas; **mercantilista**, pois está ao servizo da empresa buscando a creación de mano de obra barata e **autoritaria**, pois preténdese impor a toda costa, sen buscar o consenso que debe ter unha lei deste calado.

Non debemos esquecer que as políticas de recortes van máis aló, e que nestes momentos estase a tramitar un novo **Decreto de Comedores Escolares** que supón un paso máis no desmantelamento dos servizos públicos na nosa comunidade autónoma, sobre todo en tempos de crise económica, nos que o comedor escolar é un recurso educativo de compensación das desigualdades sociais, así como un medio para a conciliación familiar e laboral.

Ante esta agresión sen precedentes, non podemos permanecer impasibles, e por iso **CCOO-Ensino convoca** unha **xornada de folga xeral en todo o ensino o vindeiro 9 de maio**, xa que entendemos que se trata de dar unha resposta absolutamente necesaria e xustificada ante a gravidade de todos os ataques que están tendo lugar tanto no ámbito estatal como autonómico.

Estamos diante dunha convocatoria na que por primeira vez traballadores, nais, país e alumnado, conflúen no rexeitamento masivo das políticas restritivas do goberno e a imposición dunha reforma que conta cunha oposición case unánime da sociedade.

Por todo isto, desde **CCOO-Ensino** facemos un **chamamento aos traballadores e traballadoras do ensino**, así como **ás outras organizacións sindicais**, para que **secunden e participen en todas as accións que se leven a cabo** durante os vindeiros días, e que culminarán coa **xornada de folga do 9 de maio**, actos cos que estaremos máis preto de frear esta cadea de recortes e agresións, que teñen como único obxectivo o desmantelamento do ensino público e o cambio de modelo social.

9
MAIO

FOLGA
XERAL
NO
ENSINO

DEFENDE OS TEUS DEREITOS !!!!